




MONTE CASTROVE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6 km
Dificultade: media
Duración: 3 horas



Unha ruta circular de grande interese xeolóxico e paisaxístico para gozar de vistas espectaculares sobre as rías de Arousa e Pontevedra e o Val do Salnés. Recomendable para facer cun día despexado para ter boa visibilidade.

O Castrove é unha pequena serra con orientación NE-SO, situada entre as rías de Arousa e Pontevedra. O cume máis elevado é o Castrove, con 613 m. A maioría das árbores son piñeiros e eucaliptos de repoboación, xunto con pequenas áreas de especies ornamentais variadas. Conta cunha área recreativa. COMO CHEGAR: o acceso pódese facer desde Sanxenxo, Meaño, Ribadumia, Meis ou Poio. Séguese a estrada asfaltada ata a Escusa e a partir de alí vaise por pistas de terra.

O inicio da ruta é no primeiro cruzamento á dereita. Séguese cara arriba sen coller ningún desvío ata chegar ao alto en que vira á esquerda e nos conduce ata o primeiro cume. Logo segue pola parte alta ata a última caseta de vixilancia e a partir de alí comeza o descenso ata o punto de partida.




Vista sobre o Salnés, ao fondo os montes Xiabre e Xesteiras



Vista sobre O Grove e A Toxa



Vista sobre a Illa de Arousa



Vista sobre a ría de Pontevedra



Vista sobre Pontevedra